

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dez de decembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ e DONA ROSANA RIELO ROZAS. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Manuel Enrique Chaín Fernández, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbese a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 26 de novembro de 2014.

ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para instalación de ascensor no edificio con licenza de obra número 414/70, sito en solo urbano, na rúa Río Navia, número 28; para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en solo rústico en santo matías, número 6, parroquia de San Vicente do Veral; para cambio do sistema estrutural do proxecto aprobado na licenza urbanística número 678/13, de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no núcleo rural 14.5. Santa Eufemia, número 6, parroquia de Calde; para a substitución de cuberta, apertura de ocos na fachada e revestimento da mesma, na vivenda unifamiliar sita en Teicelle, número 6, Santalla de Lamas e para segregación e agregación en unidade de acto das parcelas sitas no núcleo rural tradicional de Portiño, parroquia de Lugo-Galegos (Santiago de Afora).

Acórdase exceptuar do cumprimento das normas de habitabilidade de vivendas de Galiza 2010: para a actuación de instalación de ascensor no edificio sito na rúa Primavera, número 10; para a actuación de instalación de ascensor no edificio sito na rúa Tui, número 68 e para instalación de plataforma salvaescaleiras no edificio sito na avda. da Coruña, número 272.

Tamén se acorda a modificación das medidas complementarias de mellora das condicións de seguridade en caso de incendios, en canto á iluminación e ventilación da escaleira, establecidas no acordo número 1/279 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 23 de abril de 2014, polo que se exceptúa do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a instalación dun ascensor en edificio existente, sito na rúa San Isidro Labrador, número 19.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	12/12/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3



2. XESTIÓN.- Acórdase estimar o escrito presentado con data do 10 de novembro de 2009, no que insta a restitución da propiedade dos terreos que foron ocupados polo Concello de Lugo para o enlace das rúas Monte Cadramón e Flor de Toxo.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a ampliación do prazo de execución do contrato de subministración de equipamento de intervención para o corpo de bombeiros do Concello de Lugo 2014.

Tamén se acorda a prórroga para o período que vai dende o 7 de decembro de 2014 ata o 6 de decembro de 2015 do contrato suscrito coa adjudicataria do servizo de axuda no fogar no Concello de Lugo.

Acórdase desistencia do procedemento para o lote 8 e convocatoria de nova licitación na contratación da docencia especializada (formación específica) - segunda parte- mediante 14 lotes no marco do proxecto "Lugo, emprego activo 2" cofinanciado nun 80% pola UE a través do Fondo Social Europeo (código de proxecto: 112410004). Lote 9 -impresión dixital-, reservado a centros especiais de emprego.

Así mesmo, acórdase a incautación de garantía definitiva e de reclamación de danos e perdas pola falta de pagamento da taxa correspondente á caseta e caldeiro número 5 durante as festas de San Froilán 2014 e que deu lugar á resolución da autorización concedida para a ocupación do dominio público municipal.


Tamén se acorda a revisión de prezos para o período que vai dende o 1 de maio de 2014 ata o 30 de xuño de 2014 do contrato administrativo correspondente á prestación de actividades de ensinanza deportiva e servizos complementarios nas instalacións deportivas de "As Pedreiras" e outras instalacións deportivas municipais.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do proxecto, do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adjudicación por procedemento aberto na contratación das obras de mellora do espazo urbano e accesibilidade ao barrio do Sagrado Corazón de Lugo dende a avenida de Carlos Azcárraga e a apertura do procedemento de adjudicación.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural e Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, Manuel Enrique Chaín Fernández.


Código Seguro de verificación:1/5N3XoKIZ+aqjoDYcr1fQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	12/12/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	1/5N3XoKIZ+aqjoDYcr1fQ==	PÁGINA 2/3


1/5N3XoKIZ+aqjoDYcr1fQ==



Código Seguro de verificación:1/5N3XoKIZ+aqjoDYcr1fQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		FECHA	12/12/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	1/5N3XoKIZ+aqjoDYcr1fQ==	PÁGINA	3/3
 1/5N3XoKIZ+aqjoDYcr1fQ==				